

BANDO

D. ALFREDO GARCÍA RODRÍGUEZ, ALCALDE PRESIDENTE DESTE CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS,

FAI SABER

Que a situación xerada pola evolución do coronavirus COVID-19 supuxo a adopción de medidas de contención extraordinarias polas autoridades de saúde pública e, coa aprobación do Estado de Alarma, **TODOS OS CIDADÁNS** están obrigados a **QUEDAR NA CASA**, e só poderán saír á rúa e a espazos públicos en supostos moi determinados.

Que se ten detectado que, mentres moitas persoas en situación de necesidade teñen dificultades para facer a compra ou mercar medicamentos, noutros casos abusase do permiso de saír da casa para facer estas tarefas. **Lembrase, neste senso, que as compras deben facerse de xeito INDIVIDUAL, e procurando non ter que facer compras todos os días, para evitar riscos innecesarios. Comunicase, a este respecto, que as compras non poden ser unha escusa para saír tres veces ao día a rúa, e que este tipo de actitudes poden ser sancionadas. Pero, sobre todo, supoñen un risco importante e innecesario para toda a veciñanza do Barco, onde a día de hoxe xa hai casos confirmados.**

Que o Concello mantivo contactos tanto coas tendas de alimentación como coas farmacias situadas no termo municipal, co fin de procurar que as persoas que non poidan, desprazarse para mercar comida ou medicamentos poidan dispor dos produtos de primeira necesidade .

Que todas as farmacias do casco urbano atenderán de xeito telefónico aos clientes, co único requisito de facilitar os datos da tarxeta sanitaria, e tamén proporcionarán a medicación as persoas que os clientes autoricen previamente.

Os teléfonos das farmacias do Barco de Valdeorras son as seguintes:

- Farmacia Gurriarán: 988320081
- Farmacia Darío: 988325105
- Farmacia Nieves:988320375
- Farmacia Malecón: 988684541
- Farmacia Viloira: 988326188

Que no que atinxe aos **supermercados e tendas de alimentación**, os seguintes se mostraron de acordo en atender pedidos por teléfono a persoas con necesidades especiais (de avanzada idade, don dificultades de mobilidade ou con enfermidades), e facer a entrega das compras no domicilio:

- Supermercado Froiz: 988347205
- Supermercado Gavela: 988322188
- Supermercado Covirán (Corzo): 988320758
- Supermercado El Rincón: 655385989
- Estrella e Hijas: 988325559